

MÓDULO: EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA

CURSO: 1º CICLO SUPERIOR QUÍMICA INDUSTRIAL

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son os que establecen os criterios de avaliación ao longo da programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Utilizaranse como instrumentos de avaliación:

- 1.- A realización de probas escritas, nas que se valorará non só o dominio dos contidos impartidos, senón tamén a expresión escrita, a claridade e rigor das explicacións, a capacidade de síntese, etc.
- 2.- A realización de traballos sobre a materia.
- 3.- Observación sistemática do alumnado: grao de participación, esforzo, interese, comportamento.
- 4.- A asistencia e puntualidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O curso comporase de tres avaliacións, correspondentes aos tres trimestres do mesmo. A forma de ponderar cada un dos apartados avaliados en cada unha das avaliacións do curso será a seguinte:

- Probas escritas: 80% da nota. Valorarase de 0 a 10 e, farán media aritmética entre si en caso de ser máis dunha (para facer media a cualificación en cada unha das probas debe ser como mínimo dun 4). Nas probas escritas a puntuación de cada pregunta será do 100% do seu valor se a resposta é totalmente correcta, ou ben do 50% do seu valor se a resposta é correcta na súa maioría con un só erro ou falta dun dato. No caso de conter varios erros ou faltar máis dun dato importante non se valorará a pregunta. No caso dos exercicios prácticos a pregunta terá o 100% do seu valor se a resposta é totalmente correcta, se ten un só erro de cálculo a pregunta terá o 50% do seu valore, se ten máis dun erro de cálculo ou está mal plantexado, a pregunta terá un 0% do seu valor.

- Traballos pedidos polo profesor: 10% da nota. O profesor poderá pedir ao alumnado a realización de traballos. Estes traballos contarán para a nota, supoñendo un 10% da nota final. As condicións que deben cumprir os traballos serán fixadas polo profesor ao comezo dos mesmos. Non caso de non presentar estes traballos a avaliación será suspensa. No caso de establecerse un novo período de entrega dos traballos, e no caso de que non os presenten nese período a avaliación será suspensa de novo e deberá de presentarse as probas de recuperación en xuño, previa entrega dos traballos pedidos polo profesor ou profesora do módulo. No caso de que na avaliación non se pidan traballos a puntuar en este apartado, a porcentaxe da nota adicada a estes aspectos (10%) sumarase a porcentaxe das probas escritas, pasando este apartado dun 80% a un 90% da nota final.

-Actitudes: Suporán un 10% da nota final segundo as observacións realizadas na aula polo profesor. Neste apartado valorarase aspectos como: Asistencia e puntualidade, interese e esforzo, manifestando unha actitude positiva e afán por superar as dificultades, respecto polos membros da comunidade aducativa, observancia das normas de comportamento establecidas.

O alumnado superará positivamente cada avaliación se obteñen como resultado de realizar a media

ponderada entre as probas escritas, os traballos realizados e o seguimento sistemático na aula, unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Para poder facer dita media o alumno/a deberá ter unha nota media mínima de 4 puntos nas probas escritas, e ter entregados os traballos pedidos polo profesor. En caso de que algunha das probas non acadase os catro puntos ou a media das probas non acade os cinco puntos o alumno/a deberá presentarse a proba de recuperación. O alumnado que non acade a puntuación mínima exigida (5 puntos), realizarán unha proba de recuperación. Nesa recuperación, se obteñen un 5 ou máis serán aptos.

A nota final será a media das notas das dúas avaliacións, unha vez realizadas as correspondentes recuperacións. Aquel alumnado que tivesen que presentarse as probas de recuperación e non acadasen os 5 puntos nalgunha ou algunhas destas probas realizadas durante o curso, deberán realizar na segunda avaliación unha proba final escrita na que deberán obter unha nota mínima de cinco puntos para se aptos.

As probas de recuperación consistirán na realización de probas escritas baseadas nos contidos desenvolvidos durante o curso, e que se reflectan a asimilación dos resultados de aprendizaxe. O sistema de valoración desta proba de recuperación final de xuño seguirá as mesmas constantes que as describan con anterioridade no apartado de criterios de cualificación.

Aquel alumnado que queira subir nota poderá presentarse a proba final da terceira avaliación. O criterio a seguir será ponderar a nota acadada nesa proba con un 0,2 a efectos de subir a nota final.

FALTAS DE ASISTENCIA

Debido as faltas de asistencia perderán o dereito de avaliación continua no módulo todo aquel alumnado que acumule un número de faltas superior o 10% da duración total do módulo. Quedará o criterio do profesor/a non contar a estes efectos faltas, nun momento puntual, debidas a circunstancias persoais do alumnado, tais como enfermidade ou situación laboral, sempre e cando non afecten ao normal desenvolvemento do curso académico, e sempre que aporten toda a documentación requirida para poder xustificar as citadas faltas. Estas faltas adicionais xustificadas e non contadas a efectos da perda da avaliación polo profesor non poderán superar o 20% da duración total do módulo, posto que sumadas ao 10% de faltas permitidas supón un 30% da duración do módulo. Considerase que por encima desa porcentaxe o profesor/a non poderá facer un seguimento e avaliación continua do alumno/a.

FALTAS OS EXAMES

No caso de que un alumno/a falte aos exames de avaliación repetiráselles exames soamente no caso de xustificar axeitadamente a súa falta. Consideraranse faltas xustificadas aquelas debido o falecemento dun familiar (ata segundo grao de parentesco) e faltas debidas a problemas de saúde.

Se o motivo da falta é un motivo de saúde deberá aportar un informa do médico de cabeceira no que se indique que o alumno/a non pode asistir o exame por motivos de saúde, ou ben os motivos polos que non se pode cambiar a cita para outro día, no caso de que o alumno so asista a consulta. Se a reiteración de faltas a un exame se repite no exame final de recuperación o módulo será suspenso.

As faltas o exame por motivos laborais non se consideran faltas xustificadas, posto que este ciclo formativo é presencial e aquel alumnado que traballa debe fixar os exames de xeito que podan asistir. Se un alumno/a falta a un exame por motivos laborais deberá recuperalo na seguinte

convocatoria ordinaria de exame. Se a citada falta se repite na última proba de avaliación deberá presentarse a recuperación. Se a falta por motivos laborais se produce na recuperación dunha avaliación deberá presentarse na proba de recuperación final de xuño. As faltas a esta recuperación final de xuño por motivos laborais suporán que o módulo sea suspenso.

Se o alumno/a falta por motivos non xustificadas en ningún caso se repetirá o exame e esa proba será valorada cun cero.

OUTROS ASPECTOS DA AVALIACIÓN

Se o profesor ou calquera das persoas encargadas da vixilancia dunha proba específica, aprecian que algún alumno/a poida copiar, poderá apercibililo ao remate do exame ou retirarlle o mesmo, segundo o seu criterio. O alumno/a levará un cero nesa proba e polo tanto deberá presentarse a recuperación correspondente. Do mesmo xeito se o profesor do módulo detecta na súa corrección signos de que o alumno/a copiou no exame poderá pedirlle ao alumno a repetición do mesmo nunha nova data, ou ben darlle directamente o exame por suspenso, segundo o seu criterio.

En ningún caso se poderá facer uso dun dispositivo móbil durante o exame, sendo isto motivo para a súa expulsión e suspenso do mesmo.